

Certame Victoriano Taibo

O IEM, en colaboración coa Entidade Local de Morgadáns, decidiu promover un certame literario, que -ademais de posibilitar a creación poética en lingua galega-, servise ao mesmo tempo, para honrar a figura de Victoriano Taibo (escritor e intelectual profundamente comprometido coa nosa cultura), reclamando o posto que lle corresponde na historia da literatura galega).




Así que o 28 de Xuño de 2008 -a través dos medios de comunicación- convócase o *I Certame de Poesía Victoriano Taibo*, dotado cun premio de 3.000 euros, figurando nas súas bases os seguintes aspectos:

- As obras deben ser orixinais e inéditas, de temática libre e escritas en lingua galega. Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos cunha extensión non inferior a trescentos versos.
- O xurado estará formado por Urbano Esmerode -presidente da Entidade Local de Morgadáns-, Carlos Méixome -en representación do IEM-, e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.
- Ademais da cantidade económica de 3.000 euros, o premio ofrece unha escultura -creada por Fino Lorenzo para este concurso- e a publicación da obra premiada (publicación que non xerará dereitos de autor).

O xurado deste I Certame estivo formado por Gonzalo Navaza e Marta Dacosta -poetas e profesores- e a xornalista Araceli Gonda (ademais de por Urbano Esmerode e Carlos Méixome -como presidente e secretario respectivamente-). A alta cifra de participación -corenta e oito orixinais- e a elevada calidade dos traballos, obrigou ao xurado a facer unha primeira escolla entre os que quedaron nove finalistas: *Imposturas*, *Cultivos transxénicos*, *Tardes de domingo*, *Strategema*, *Poemas para un paquidermo*, *Arar nas penas*, *Metáforas da desfeita*, *Deste azul que non remata*.

En setembro de 2008 dase a coñecer, pola prensa, o gañador do *I Certame de Poesía Victoriano Taibo* que resultou ser *Carlos Negro* (profesor de Lalín e escritor cunha

interesante obra poética) coa súa obra *Cultivos transxénicos* (ademais dunha mención especial aos orixinais presentados baixo o lema *Strategemata e Imposturas*).



Na obra gañadora, un poema inicial (artellado mediante a fórmula de preguntas e respostas que remedan unha entrevista xornalística ao tempo que parodian o *Catecismo do Labrego* de Lamas Carvajal), serve de limiar a unha especie de pranto pola agonía e morte da sociedade tradicional rural (examinando os síntomas tráxicos e grotescos desa agonía, cunha visión actual, perspicaz e reveladora).

A obra, non só mostra os males actuais do campo galego (o deterioro ecolóxico, a especulación urbanística, a despoboación...), senón que tamén dá conta, dun mundo que cambiou os seus sinais de identidade por novas formas de vida impulsadas polo capitalismo...

Trátase dunha singular elexía pola morte dun mundo, e sobre todo, pola perda da súa memoria...

O 14 de novembro de 2008, en Morgadáns, nas Escolas de Guillufe, tivo lugar o acto de entrega do premio do I Certame de Poesía Victoriano Taibo (dentro do programa de actos deseñado para honrar a figura do mestre).





En febreiro de 2009 convócase o II Premio de Poesía Victoriano Taibo coas mesmas bases da edición anterior.

Nesta edición houbo tamén unha participación salientable e semellante á edición anterior (recibíndose corenta e cinco orixinais).

O xurado estivo integrado por Marta Dacosta, Gonzalo Navaza e Araceli Gonda (ademais de por Urbano Esmerode -como presidente da Entidade Local de Morgadáns- e Miguel Anxo Mouriño -por delegación de Carlos Méixome, director do IEM-).



O 31 de agosto o xurado anuncia os finalistas: *Road Movie*, *Antítese da Ruína*, *Cuarto Minguante*, *As crebas e República do Desacougo* e *Biografía da Multitude*.

Finalmente, a segunda edición do Victoriano Taibo de poesía, premiou dous poemarios e tres autoras, que se repartirían os tres mil euros cos que está dotado o premio. O xurado escolleu como vencedores ex aequo do certame, os poemarios *Cuarto minguante* -de María do Carmen Caramés Gorgal- e *Biografía da multitude* -escrita a dúas mans por Elvira Riveiro e Silvia Penas-.

Sobre *Cuarto minguante*, o xurado sinalou que "*nos descobre a dor dunha nai frustrada pola morte prematura do seu fillo, a quen invoca e recorda durante todo o poemario con altura poética e sinceridade*".

De *Biografía da multitude*, o xurado destacou "*a vontade de crítica ao sistema e a de construción estrutural para darnos unha visión deste presente que é, en realidade, un abismo que separa o pasado do futuro*".

O acto de entrega tivo lugar o 28 de novembro nas Escolas de Guillufe en Morgadáns.



